

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA 15 DE XULLO DE 2004**

CONCORRENTES

Presidente:

Don Juan Antonio Maceiras Barros (CIM)

Concelleiros

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)

Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

Don Juan José Herva Mallo (PP)

Don José María Laya Carril (CIM)

Dona María Rosario Manso López (CIM)

Don Antonio Medín Pena (PP)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don Manuel José Pérez Martínez (PP)

Don Luis Purriños Pena (CIM)

Don José Manuel Rodríguez Vidal (CIM)

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

Dona Eva María Vilariño González (CIM)

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

Secretario:

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás vinte horas e trinta e cinco minutos do día quince de xullo de dous mil catro, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública extraordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten a totalidade dos concelleiros que de feito e dereito compoñen a Corporación: don José María Laya Carril; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; dona Eva María Vilariño González; dona María Rosario Manso López; don Jesús Veiga Sabín; don Juan José Herva Mallo; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don Antonio Medín Pena; don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Está presente a interventora municipal dona Marta Roca Naveira.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia, o concelleiro Sr. Veiga Sabín sinala que no punto 4 da orde do día da sesión cuxa acta se somete a aprobación, xustificou o seu voto negativo en que a proposta do seu grupo é realizar un contrato de servizos para a lavandería que sería moito máis económico; e sen outras observacións á acta da sesión correspondente ao día 15 de xuño de 2004 queda aprobada.

2.- MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS.- Dada conta da proposta da Alcaldía para modificar o anexo de investimentos deste exercicio 2004, e crear a partida 433.611.00, "recuperación do patrimonio etnográfico da auga", cun importe de 89.342,67 euros, que se financia con recursos procedentes de transferencia de capital da Fundación Comarcal de Betanzos (AGADER). Vistos os informes favorables de Intervención e da Comisión Informativa de Facenda, o Pleno do Concello acorda por unanimidade a modificación do anexo de investimentos no Orzamento do actual exercicio 2004, na forma proposta.

3.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM 3/2004.- Dada conta da proposta presentada para a aprobación dun crédito extraordinario para dotar orzamentariamente a obra de "Aparcamento do Centro de Saúde", que non tiña consignación inicialmente no anexo de investimentos do exercicio 2004, e crear a partida 432.611.06 por importe de 36.000,00 euros, que se financia con recursos procedentes de operación de préstamo. Está informada favorablemente pola interventora municipal e a Comisión Informativa de Facenda.

O concelleiro Sr. Veiga Sabín pide que quede este asunto sobre a mesa e se discuta nunha comisión informativa, xa que nesa zona ían pistas deportivas e aparcamentos, e na Consellería díxosenos que hai unha partida para estas obras que

non debemos perder, polo que sería conveniente facer unha visita á Consellería, ao cal o noso grupo se brinda para acompañalos e coñecer se é posible que financie estas obras. A Alcaldía-Presidencia contesta que ten que funcionar segundo os escritos recibos da Consellería, vostede sabe que non se nos deu a oportunidade de cambiar impresións sobre ese proxecto e do importe presupostado neste, soamente se nos concedeu unha pequena cantidade, o noso grupo estimou que sería máis beneficioso un campo de fútbol e fíxose un proxecto técnico para este, polo que deberíamos aprobar esta modificación de crédito que non vai para nada en contra do que vostedes din e entendemos que isto non invalida para nada as xestións a realizar para que financien a obra e mentres non imos votar a favor co fin de dar unha solución parcial a este problema. Replica o señor Veiga Sabín indicando que o PP cambiaría o seu voto se a Alcaldía se compromete e recoñece que é interesante esta actuación que figura no proxecto aprobado, xa que non sabemos se este vial vai ter incidencia no proxecto. O señor alcalde contesta que temos que dar por válido o que se nos di nun escrito oficial, que estiman que a obra proposta excede ás necesidades do municipio e para min este escrito oficial é válido e o que teño que considerar, e se vostede se presta a facer xestións para conseguir que ademais do campo de fútbol se teñan as pistas e aparcamentos, nós non poríamos ningún obstáculo; teño a promesa de estudar a construción dun campo de fútbol que nós consideramos é unha obra necesaria e conveniente. O señor Veiga Sabín manifesta que o axeitado é ir á Consellería para clarificar isto, xa que a nós se nos di que si hai partida económica para esta obra; o señor alcalde contesta que vostede di algo que lle din na Consellería e eu teño un escrito, a quen lle fago caso? O sentir da Consellería non é o que vostedes expresan, non obstante, imos xuntos a Santiago e prometo que se están dispostos a retomar o tema, por nós adiante.

O representante do BNG, señor Abaira Sobrado, tamén pide que quede sobre a mesa, xa que non é máis perentorio agora que antes, non estou en contra, di, nin a favor dese vial, préstome a que se suspenda un tempo o Pleno e debatemos sobre isto. A Presidencia manifesta que non hai problema ningún en que quede sobre a mesa.

O Pleno do Concello acorda por unanimidade quedar sobre a mesa este asunto.

4.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 4/2004.- Dada conta da proposta presentada para modificar o anexo de investimentos do exercicio actual 2004 e aprobar un crédito extraordinario por importe de 19.685,67 euros que se financiarán con recursos propios, para dotar orzamentariamente as obras de acondicionamento das instalacións de Gallamonde para albergar as actividades do Obradoiro de Emprego do Camiño de Santiago. Vistos os informes favorables de Intervención e da Comisión Informativa de Facenda, o Pleno do Concello acorda por unanimidade a súa aprobación nos termos da proposta.

5.- CONVENIO CON PROTECCIÓN CIVIL.- Visto o convenio de cooperación entre o Concello de Miño e a Agrupación Local de Voluntarios de Protección Civil deste Concello, en materia de salvamento, socorrismo, seguridade e vixilancia das praias do municipio e do seu contorno, en virtude do cal, o Concello comprométese a dotar á agrupación de medios económicos por un importe total de 20.840,00 euros e da asistencia técnica que se sinala no convenio e a agrupación asegura as accións permanentes en materia de protección civil, orientadas ao estudo e prevención das situacións de grave risco, catástrofe ou calamidade pública e a protección e socorro de persoas e bens, especialmente na organización e mantemento dos servizos relacionados co socorrismo, salvamento, primeiros auxilios e vixilancia das praias e do seu contorno, así como a vixilancia e atención ao peregrino no albergue municipal durante todo o ano; o Pleno do Concello acorda por unanimidade a súa aprobación nos termos nos que foi redactado o dito convenio.

6.- CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO.- Dada conta do borrador do convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Miño para a realización por parte dos alumnos do Master en Administración Local e do Curso de Especialización derivado que na actualidade se realiza na USC, de prácticas neste Concello de Miño.

O número de alumnos a seleccionar pola Dirección do Master é (1) un e a duración será de nove (9) meses, sen que implique relación laboral ningunha entre o que realiza as prácticas e o Concello de Miño. Para facilitar o desenvolvemento e mellora das prácticas, o Concello achegará a cantidade de (750) setecentos cincuenta euros por mes e alumno, para cubrir as necesidades básicas do alumno en desprazamentos, mantemento e aloxamento.

O Pleno do Concello acorda por unanimidade a aprobación do convenio nos termos nos que foi redactado e que se proceda pola Alcaldía á sinatura do dito convenio.

7.- OPERACIÓN DE PRÉSTAMO.- En cumprimento da Resolución da Alcaldía do día 15-6-2004, solicitouse a entidades bancarias radicadas neste municipio, Caixa Galicia, Banco Gallego, Banco Pastor, Banco Santander Central Hispano e Banco de Bilbao Vizcaya Argentaria, a presentación de ofertas para concertar unha operación de préstamo por importe de 407.977,00 euros, prevista no Orzamento municipal do actual exercicio, para o financiamento do plan de investimentos.

Presentan ofertas en tempo e forma todas elas.

É competencia do Pleno a concertación deste préstamo, a teor do que dispón a Lei 7/85, ao exceder o importe da operación o 10% dos recursos ordinarios.

O Orzamento do exercicio en curso 2004 está definitivamente aprobado.

A Intervención municipal, co conforme da Secretaría, estima que a oferta máis beneficiosa é a que presenta o BANCO DE BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, referido a tipo variable, euribor trimestral + 0,01%, sen gastos de ningún tipo.

En uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente, en especial o art. 22 m) da Lei 7/85, do 2 de abril e visto o informe favorable da Comisión Informativa de Facenda; o Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Aceptar a oferta presentada pola entidade BANCO DE BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA e concertar con esta entidade unha operación de préstamo por importe de 407.977,00 euros, cun tipo de interese referenciado ao EURIBOR ao trimestre, máis un diferencial do 0,01%, con carencia de dous anos e dezaoto (18) anos de amortización, sen gastos nin comisións.

2º.- Notificarlle en legal forma á entidade BANCO DE BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA para o seu coñecemento e efecto, e concedéselle un prazo dun mes para formalizar a operación de préstamo.

3º.- Notificar en formal legal ás restantes entidades bancarias que presentaron oferta, con indicación dos recursos legais que caben contra estes recursos.

O concelleiro representante do BNG, señor Abraira Sobrado, pediu aclaración sobre os 60.000 euros consignados e que se aforraron ao doar a Ermida de San Ramón e outros 20.000 euros consignados para a adquisición dos terreos lindeiros. A Alcaldía contesta que fixo as xestións o primeiro tenente de alcalde, señor Laya, e este manifesta que o Concello ten o compromiso de restaurar e reparar a ermida e os terreos cedidos e non se adquiriron os lindeiros polo excesivo prezo que piden os seus propietarios. A Presidencia sinala que seguiremos discutindo este tema e mantemos o noso compromiso de adquirir os terreos. O representante do PSOE, señor Cortizas Rodríguez, pregunta se eses terreos a adquirir se van destinar a vivendas sociais, e a Alcaldía contesta que na trincheira da autoestrada hai unha franxa de terreo que se pretendía adquirir para este fin; houbo unha reunión cos propietarios e non se chegou a ningún acordo porque pedían unhas cantidades que nos pareceron excesivas.

8.- CONTRATACIÓN DA CONSERXERÍA, MANTEMENTO E LIMPEZA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL.- Examinado o expediente incoado para a contratación dos traballos de conserxería, mantemento integral e limpeza xeral do pavillón polideportivo municipal de Miño, segundo o preceptuado na Lei 13/95 de contratos das administracións públicas, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, e estando conforme, de acordo coa proposta da comisión informativa correspondente, o Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar o prego de condicións económico-administrativa e técnicas, e dispoñer a súa exposición ao público durante o prazo de oito días no BOP para que poidan presentarse reclamacións que serán resoltas pola Corporación .

2º.- Convocar concurso público e aberto para a adxudicación dos traballos de conserxería, mantemento integral e limpeza xeral do pavillón polideportivo municipal de Miño, publicando simultaneamente o anuncio de licitación, e aprazar a licitación cando resulte necesario, no suposto de que se formulen reclamacións contra o prego de cláusulas económico-administrativas.

9.- ADXUDICACIÓN DOS SERVIZOS DE CAFÉ-BAR RESTAURANTE DO LOCAL NOS ACCESOS Á PRAIA PEQUENA.- Examinado o expediente iniciado para a adxudicación da xestión indirecta dos servizos de café-bar restaurante do local nos accesos á praia Pequena de Miño, segundo o preceptuado no texto refundido da Lei 13/95 de contratos coas administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, e estando conforme, de acordo coa proposta da comisión informativa correspondente; o Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar o prego de condicións económico-administrativas que ha de rexer o concurso para a adxudicación da xestión indirecta dos servizos de café-bar restaurante do local nos accesos á praia Pequena de Miño, dispoñendo a súa exposición ao público durante o prazo de oito días no BOP para que poidan presentarse reclamacións que serán resoltas pola Corporación.

2º.- Convocar concurso público e aberto para esta adxudicación, publicando simultaneamente o anuncio de licitación, e proceder á tramitación correspondente, ata a súa adxudicación, e aprazar a licitación cando resulte necesario, no suposto de que se formulen reclamacións contra o prego de condicións.

O concelleiro representante do BNG, señor Abraira Sobrado, pide que se lle mande unha carta aos hostaleiros do municipio, na que se lles indique que poden participar neste concurso.

10.- DAR CONTA DAS TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO ENTRE PARTIDAS DO MESMO GRUPO DE FUNCIÓN.- Dáse conta e quedan informados, en cumprimento do que se dispón na base 10ª de execución do presuposto, das transferencias de crédito aprobadas pola Alcaldía entre partidas do mesmo grupo de función e que son as seguintes:

Transferencia de 1000,00 euros. Partida incrementada 121.62501. Partida minorada: 121.22700.

Transferencia de 4.964,28 euros: Partida incrementada 412.22700. Partida minorada: 432.22706.

Non habendo máis asuntos na orde do día, a Presidencia levantou a sesión ás vintenove horas e quince minutos, redactándose a presente acta de todo o que eu, o secretario titular, dou fe.

O presidente,

O secretario,